

Ame o pobo o bo poema
Iso sí,
Ate o pobo o bo poeta

Gonzalo Navaza. A torre da derrota



MALETA DE POESÍA

A poesía é o gran milagre do mundo.
Luis Pimentel



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Centros e Recursos Humanos



MALETA DE POESÍA

Esta maleta de poesía propónse como unha oportunidade para facer máis visible este xénero literario con todo o que achega de sensibilización, educación literaria, lectura expresiva e desenvolvemento do gusto polo ritmo e a música nas palabras.

Maioritariamente trátase de libros de poesía infantil aínda que contén algúns textos dirixidos á mocidade, como as obras de Fran Alonso, Ana M^a Fernández, Celso Emilio Ferreiro ou a antoloxía *Poesía española para jóvenes*.

Outros libros están seleccionados para o profesorado, para a súa lectura, coa posibilidade de compartir algún dos poemas co alumnado. Trátase dunha cata para collerlle o gusto e descubrir os xeitos do que se está a escribir neste momento; de amosar diferentes voces e sensibilidades, que non significa que sexan as mellores nin as máis representativas senón simplemente unha parte delas. Aí estarían os libros de Manuel Rivas, Antón Reixa, Kiko Neves, María Reymóndez ou Leo Fernández co selo propio de cada un deles.

Os CDs queren abrir as portas a esa outra maneira de gozar da poesía, escoitándoa. De cara a iso recomendamos a busca de poetas en *You Tube* así como a entrada en <http://sondepoetas.blogspot.com/>

En libros como *Á sombra do lueiro de papel* de Everest recóllense algunhas das fórmulas de traballo coa poesía. O mesmo autor, Antonio García Teijeiro, acaba de publicar en Galaxia *A poesía necesaria*. Unha referencia imprescindible neste campo é *Va de poesía* de Víctor Moreno publicado en Pamiela.



OUTROS RECURSOS NA REDE

Na páxina da AELG <http://www.aelg.org/> hai un apartado de centro de documentación e videoteca no que se pode acceder a recitais de poetas Eva Veiga ou Carlos Negro.

As páxinas ou blogues dos poetas son outro recurso de interese, como podemos ver nas de García Teijeiro <http://agteijeiro.blogspot.com/> ou Fran Alonso <http://cabrafanada.blogspot.com/>

A páxina da Biblioteca Virtual Galega da Universidade da Coruña <http://bvg.udc.es/> é un recurso fundamental para a busca de información sobre poetas, para a lecturas das súas obras en pantalla e para ver videos ou escoitar audios.

Por outra banda, BLIX, a Biblioteca de Literatura Infantil e Xuvenil Galega conta cunha sección de poesía, onde se pode atopar información sobre cada unha das publicacións: <http://www.filix.org/xpoesia.html> e a páxina ourizo azul da Consellería de Cultura tamén achega información ao respecto: <http://www.ourizoazul.org/>

Outra páxina á que acudir é a da Fundación Germán Sánchez Ruipérez co seu Servizo de Información de Lectura <http://sol-e.com/index.php>

Para acceder a ditos, recitados e cancións infantís temos a páxina: <http://www.orellapendella.org/>

Noutros casos son os propios blogues de bibliotecas escolares os que facilitan este acceso na Rede, como sucede con “Biblioteca do cole” do CEIP de Quintela que mostra “poemas para peques”: <http://poemasparapeques.blogspot.com/> ou un manual para traballar a poesía <http://sites.google.com/site/bibliotecadocole/poesa>

Algunha páxina máis na que atopar información: http://www.culturagalega.org/lq3/lq3_cat_autores.php Índice de autores no portal do Consello da Cultura Galega

<http://www.bienvendidosalafiesta.com/>

<http://www.casadaleitura.org/>

<http://www.fundaleitura.org/>

<http://centrodepoesiavisual.blogspot.com>

<http://www.sololiteratura.com/ben/obrainverso.html>

E moitas outras ás que se pode acceder a través das páxinas da Asesoría de bibliotecas escolares, especialmente de Hora de ler:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog> - <http://bega-horadeler.blogspot.com>

Pódese procurar máis bibliografía relacionada co tema no caderniño informativo de bibliotecas escolares que cada anos e actualiza e coloca no blogue (véxase o do 2008/09): <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/250>; e tamén na que se recolle no libro de García Teijeiro que vai na maleta *A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula*.

RELACIÓN DE TÍTULOS DA MALETA

Título libro	Autor	Ilustrador	Colección	Editorial	A partir de...
A poesía necesaria	Antonio García Teijeiro		Biblioteca de Int.	Galaxia	Adultos
Á sombra do lueiro de papel	Antonio García Teijeiro	Manolo Uhía	Social/Didáctica	Everest	Primeiros Lectores
Abracadabras	Marica Campo	X. Vizoso	Ler é vivir	Edicións do Castro	Primeiros Lectores
Adiós ríos, adiós fontes	Rosalía de Castro	Rodrigo Chao	Arume de Poesía	Baía	Autónomos
Amar e outros verbos	Ana M ^a Fernández	Xosé Cobas	Xiz de Cor	Everest Galicia	Xuvenil
Antoloxía da poesía galega para nenos	Celia Ruíz Ibáñez	Xán López Domínguez	Punto de encontro	Susaeta	Autónomos
Cantando comigo	Mamá Cabra	CD		Primeira persona	Primeiros Lectores
Cantarolas	Anisia Miranda/Xosé Neira Vilas	María Fe Quesada	Merlín	Xerais	Autónomos
Centoonce	Kiko Neves		Poesía	Xerais	Xuvenil-Adultos
Chove nos versos	Antonio García Teijeiro	Iázaro Enríquez		Xerais	Autónomos
Cidades	Fran Alonso	Pablo Otero	Merlín	Xerais	Lectores Expertos
Cinco	Antio Rubio	Óscar Villán	do berce a lúa	Kalandraka	Primeiros Lectores
Contratrás	Paula Carballeira	X. Carlos Hidalgo	Di-versos	Positivas	Autónomos
Contos da Rula	Concha Blanco	X. Vizoso	Arume de Poesía	Edicións do Castro	Primeiros Lectores
Do descoñecido ao descoñecido. Obra poética (1980-2003)	Manuel Rivas		Espiral Maior Poesía	Espiral Maior S.L	Xuvenil-Adultos
Escolma Poética	Celso Emilio Ferreiro	Baldo Ramos		Faktoria K de Libros	Autónomos
Hai Cu. Pintadas no báter	Leo Fernández Campos	Ilustracións de Mou	Poesía	Xerais	Xuvenil-Adultos
Historias e algún percance todas ditas en romance	Antón Cortizas	Irene Fra	Árbore	Galaxia	Lectores Expertos
Látego de algas	Antón Reixa	Leiro		Espiral Maior S.L	Xuvenil-Adultos
Lúa de Pan	Pepe Cáccamo	X Vizoso	Arume de Poesía	Edicións do Castro	Primeiros Lectores
Makinaria	Carlos Negro			Xerais	Xuvenil-Adultos
Mi primer libro de poemas	J.R. Jiménez/ García Lorca/Alberti	Luis de Horna	Sopa de Libros	Anaya	Primeiros Lectores
Moda galega	María Reimóndez			Positivas	Xuvenil-Adultos
Na Fogueira dos versos	Antonio García Teijeiro	Enjamio	Merlín	Xerais	Lectores Expertos
O libro dos cen poemas	Xosé M ^a Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez	Manuel Pizcueta		Espiral Maior S.L	Primeiros Lectores
O país de amarnos	Ana M ^a Fernández	Xosé Cobas	Punto de encontro	Everest Galicia	Xuvenil
O souto do anano	Helena Villar Janeiro	Marta Álvarez		Obradoiro/Alfaguara	Primeiros Lectores
O Xardín do pasatempo	Ramiro Fonte	Jacobo Muñiz	Ala Delta	Tambre	Lectores Expertos
Os soños na gaiola	Manuel María	Xaquín Marín	Merlín	Xerais	Autónomos
Palabras Brancas	Elvira Riveiro Tobio	Fino Lorenzo	Merlín	Xerais	Autónomos
Poesía española para jóvenes	Ana Pelegrín	Juan Ramón Alonso	Alfaguara Juvenil	Alfaguara	Lectores Expertos
Poesía española para niños	Ana Pelegrín	Tino Gatagán	Alfaguara infantil	Alfaguara	Autónomos
Poetízate. Antoloxía da poesía galega	Fran Alonso		Fóra de xogo	Xerais	Xuvenil
Polo correo do vento	Aquilino Iglesias Alvaríño	Liliana Vázquez	Merlín	Xerais	Primeiros Lectores
Rimas con letras	Gloria Sánchez	M ^a Fe Quesada	Merlín	Xerais	Primeiros Lectores
Roseira do teu mencer	Xosé M ^a Álvarez Blázquez	Manolo Uhía	Merlín	Xerais	Autónomos
Ten, ten a miña casa ten...	Xoán Babarro	Fino Lorenzo	Árbore	Galaxia	Autónomos

POEMAS MUSICADOS		
Título libro	Autor/a	A partir de...
MÚSICA. Ahí ven o maio	Luís Emilio Batallán	Xuvenil-Adultos
MÚSICA. Cantando comigo	Mamá Cabra	Primeiros Lectores
MÚSICA. Celso E. Ferreiro na voz de Suso Vaamonde	Suso Vaamonde	Xuvenil-Adultos
MÚSICA. Os soños na gaiola	Suso Vaamonde	Primeiros Lectores
MÚSICA. Rosalía de Castro. Cantares Galegos	Resonet	Lectores Expertos
MÚSICA. X. María Álvarez Blázquez. Poemas	Eloi Caldeiro	Lectores Autónomos

UNHA MALETA VIVA QUE VIAXA

- Esta maleta é só un inicio...
- Proponse aos centros para que a utilicen á súa maneira, en función dos seus obxectivos e ofrécese como un proxecto colaborativo, que se irá enriquecendo coas achegas de todas e todos.
- A maleta terá a súa sede no Centro de Formación e Recursos (Asesor/a de bibliotecas escolares). Esta persoa será a referencia para poder localizar a maleta e organizar o percorrido da mesma, en función das solicitudes.
- O centro interesado realizará a súa solicitude e deberá recoller e entregar a maleta, asumindo os custos se fose preciso.
- Antes de entregar a maleta, deberán revisar que están todos os materiais, así como o bo estado dos mesmos.
- No caderno da maleta poderán realizarse cantas suxestións se estimen oportunas (de contido, de funcionamento....)
- O tempo de uso da maleta non poderá superar un mes, e en calquera caso, acordarase co asesor ou asesora responsable no CFR, en función tamén da demanda.

O que máis me gusta da poesía.
Os silencios.

Na literatura o noventa por cento
deberían ser silencios.

Ou páxinas en branco.

Kiko Neves. Ruído de motos.

Suxestións para o uso da Maleta de poesía:

A presenza da Maleta de poesía na biblioteca do centro pode servir para:

- Reforzar actividades sobre a poesía organizadas na biblioteca ou nalgunha das aulas.
- Estimular a lectura de poesía entre os membros da comunidade educativa.
- Dar pé a unha exposición de materiais poéticos.
- Xogos de identificación de poemas/poetas
- Estimular actividades como recitais poéticos, lecturas públicas de poesía, maratóns...
- Converter a poesía nun xénero protagonista durante unha tempada.
- Apoiar a posta en marcha de obradoiros de poesía.
- Ambientar o encontro cun ou cunha poeta.
- Apoiar a presenza dun cantautor ou dunha cantautora.
- Mergullarse nos poemas que contén, á procura dese verso que nos gusta, desas voces descoñecidas, desas imaxes...
-